

# REUNIÓN DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 22-07-2010

## INFORME DO REITOR:

### Campus de excelencia:

Coma todos/as saben a UDC caeu na primeira rolda, continua a colaboración coa USC e Vigo para levar adiante o Campus do Mar. O Ministerio pide reformas no relativo á internacionalización (atracción de estudantes e profesores estranxeiros) e a agregación (valora con mellor nota as unións de universidades para presentar candidatura).

### Plan de financiamento:

Non está desenvolvido, para o día 28 deste mes está convocado o Consello Universitario Galego coa finalidade de seguir falando do asunto, o tratado está moi lonxe de ser un plan.

Vicerreitor:

De momento non hai cifras, remítense para ter as primeiras cantidades á segunda quincena de setembro. De momento o 1% do PIB que se quería alcanzar en 2015 quedou aparcado, parece que non é accesíbel.

Non hai criterios para o reparto pero hai indicios preocupantes polo xenérico dos conceptos.

Preséntase un borrador de plan de axuste para cada Universidade, cando xa se entende que o plan de financiamento é un verdadeiro plan de axuste en si mesmo.

Reitor:

O día 28 poderase aprobar, como máximo, un borrador de bases para o plan de financiamento.

Sen dúbida en 2011 haberá unha redución que se intentará que sexa o menor posible.

## INFORME DA XERENTA:

- Pagouse sen problemas, en dúas fases, pero con moito esforzo.
- Rematou a negociación da RPT do PAS laboral, o día 2 de xullo o Comité informou desfavorablemente a proposta, o día 14 fíxose unha reunión conxunta co Reitor. Estase a traballar na elaboración dunha RPT para remitir ao informe preceptivo do Comité.
- As convocatorias de concurso- oposición á escala de Axudantes de Arquivos, Bibliotecas e Museos, tanto de promoción interna, como de quenda libre, xa se enviaron ao DOG

## ORDE DO DÍA.

**Por problemas de tempo da Vicerreitora de alumnos trátase o punto nº 11:**

### REGULAMENTO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA SOBRE MOBILIDADE INTERNACIONAL DE ESTUDANTES

Trátoo porque ten a súa relevancia que vos explicarei:

A discusión que creo importante aparece no punto:

*2.3. Coordinador académico/responsable de relacións internacionais de facultade ou escola. En cada facultade ou escola da UDC haberá unha persoa responsable da coordinación dos intercambios internacionais. As funcións de coordinador/a académico/a de facultade ou escola serán asumidas por un membro do equipo de dirección.*

Por entender que o traballo nos equipos de goberno dos centros xa é moi elevado, aparecen dúas posicións:

- Quen pretende que o Coordinador, sen ser membro do equipo de goberno, ao ser nomeado ingrese no dito equipo (de facto implicaría un membro máis nos equipos de goberno de centros)
- Quen pretende que haxa un responsable no equipo de goberno pero pode delegar as funcións noutro docente que tería unha serie de prebendas (non se sabe moi ben en que consistirían, chegouse a insinuar que se considerasen do estilo das aprobadas no Consello de Goberno anterior para valorar os postos de xestión. Lembra, puntos por exercer funcións de xestores).

Coma non se sabía exactamente en que consistían ambas posicións **Xosé** reclama que:

- No caso de que se optase pola ampliación dos equipos de goberno se cuantificase economicamente.
- No caso de exercerse as funcións de xeito delegado se establecese no regulamento os dereitos laborais e económicos do posto.

**Fíxose esta intervención porque para o PAS nunca hai un can mentres que para outros parece que non hai límite.**

Ao non clarificarse este punto e outros que quedaron para ser revisados, o regulamento volverá ao primeiro Consello de Goberno do mes de setembro.

#### **PUNTO 6 (Cambios de dedicación).**

Informa o Vicerreitor de Profesorado.

Trátase de profesores asociados que, por ser innecesaria a súa docencia, falouse con eles para, de xeito pactado, proceder á redución da súa dedicación ou, nalgún caso se intentou propiciar o cambio de área, non foi posible o acordo en todos os casos.

Non obstante, esta circunstancia entende o Vicerreitor que, nalgún momento, haberá que estendela ao PDI funcionario:

Non hai normativa que obrigue a un docente dun área de coñecemento dar docencia noutra área de coñecemento. De momento, as medidas restritivas realízanse cos contratos anuais.

Fálase de constituír unha comisión que, con tempo, con calma... proceda ao estudo dunha normativa que contemple esa posibilidade (se non se publica o estatuto do PDI, haberá que actuar coa lexislación vixente, enténdese que un período normal de aplicación sería para o curso 2011-2012). Actuarase con prudencia, cautela, reflexión e diálogo.

**PARA O PAS A PRUDENCIA, CAUTELA, REFLEXIÓN E DIÁLOGO TRADÚCESE EN IMPOSICIÓN.**

**PUNTO 8.** (Creación de prazas de profesorado ao abeiro do programa de promoción dos Contratados polo programa Isidro Parga Pondal)

Segundo o acordado no ano 2009 e para os seguintes 3 anos propónse a aprobación de conversión de 5 prazas deste programa en prazas de profesorado (aprobaron no Programa Manuel Colmeiro, requisito para poder proceder coa consolidación), pídese, tamén que se acepte a posibilidade de que outras 2 persoas que non aprobaron pero que recorreron esa decisión, no caso de que se reconsidere o suspenso poidan presentarse as prazas en vindeiros Consellos de Goberno.

**Felipe:** Mostra a súa desconformidade con este proceso porque se fai por riba do POD.

**Xosé:** Se estas prazas están pactadas desde o ano 2009 porqué non están contempladas no POD?.

Vicerreitor: as prazas integráranse no POD pero, a día de hoxe, non son necesarias.

Na votación só hai dous votos negativos, os de Felipe e Xosé.

## **OUTRA VEZ PARA ALGÚNS AS REGRAS NON IMPORTAN, CÁMBIANSE A VONTADE OU MEDIANTE “NEGOCIACIÓN”.**

### **ROGOS E PREGUNTAS**

**Xosé:**

Pregunta e rogo:

- A raíz de se rexeitar a proposta de RPT para o PAS laboral nas asembleas. O día 14 deste mes houbo unha reunión entre, Reitor e Xerencia co Comité de Empresa. Nesa reunión o Comité quedou en transmitir o que consideraba imprescindible para proceder á súa sinatura. O día 16 cumpriuse esa condición.

Pregunta:

Polo que di a Xerenta no seu informe vaise proceder ao envío dunha RPT alternativa para o informe do Comité. Isto quere dicir que non se van ter en conta as posicións do Comité?

Rogo:

Que o envío desa proposta de RPT para informe se faga canto antes, a ser posible neste mes.

Outra pregunta:

- Levamos tempo solicitando que se complete o organigrama da Xerencia, como exemplo desta necesidade está o feito de que no vindeiro novembro remata o prazo para levar a termo as convocatorias de Concurso-oposición de prazas de PAS laboral, faltan os cursos de formación.

Que pensa facer a xerencia para solucionar este problema?.

Expropiados de Elviña.

- Os propietarios reclaman da Universidade, como promotor da obra, se responsabilice do que establece a lei:

A Disposición Adicional Cuarta do Real decreto 1/1992, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei sobre réxime do solo e ordenación urbana, establece:

“Cando se actúe por expropiación, a Administración expropiante ou, no seu caso, o beneficiario da expropiación deberán poñer a disposición dos ocupantes legais afectados vivendas nas condicións de venda ou aluguer vixentes para as suxeitas a réxime de protección pública e superficie adecuada ás súas necesidades, dentro dos límites establecidos pola lexislación promotora”.

A Universidade é o beneficiario da obra, Qué accións exerce diante da Xunta para que se solucionen os problemas dos expropiados?.

**Secretario Xeral:**

Quere facer un rogo (o normal e facelo na outra dirección) a Xosé Portela para que non publique arquivos da orde do día das sesións do Consello de Goberno en páxinas de público acceso.

**Xosé:**

Non estou aquí en representación propia preciso comunicarme cos meus representados.

**Secretario Xeral:**

Proceda vostede utilizando a lista de correo electrónico.

**A PARTIR DE AGORA RECIBIREDES A INFORMACIÓN RELATIVA AO CONSELLO DE GOBERNO POLAS LISTAS PAS.**

**Felipe:**

O mantemento do Campus de Elviña é absolutamente mellorable, tardan moito en cortar o céspede e as árbores non se lles fai o mantemento axeitado. Un Campus que podería ser bonito está case sempre impresentable.

**Xerenta:**

É certo que a empresa de mantemento precisa dun control especial. Controlará as actuacións da empresa para que se solucione.

A RPT que se lle presentará a informe ao Comité de Empresa está en estudo, ao seu debido tempo se lle trasladará ao Comité.

As execución das convocatorias é función dos tribunais respectivos. No referente aos cursos, aceptouse a proposta do Comité de proporcionar formadores, intentouse contactar con eles, en varias ocasións, para coordinar os horarios e non foi posible, estase agardando.

**Xosé:**

Os formadores, despois de indicalos verbalmente, proporcionáronse por escrito no mes de marzo. Aos formadores propostos ninguén se dirixiu até este mes para articular o proceso de formación, pedíuselles que fixesen o curso no mes de agosto ao que se negaron porque é período de vacacións, confirmamos que ninguén se dirixiu até agora a eles nas asembleas celebradas pola RPT.

**Xerenta:**

Da formación encárgase o servizo de PAS, se eles, a pesar de ter o servizo dotado axeitadamente (procedeu a indicar os membros), non o fan correctamente non é culpa da Xerencia.

Erguéronse todos, hai presa polas vacacións.